Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XVII - Nº 194. Abril 2022. Distribución gratuíta

CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación DA CORUÑA

EMPRESA
Entrevista de Benvida ao responsable de Daniel's Barber P8

MELIDE
A estrada de Sabián contará cunha senda peonil P13

COMARCA
O Concello de Sobrado rexeita de xeito unánime a creación do parque eólico de Caíño P17

ENTREVISTA

Óscar García, Industrias Cárnicas García P23

ASETEM lanza a campaña do Día da Nai cun gran premio para impulsar as compras no comercio

ASETEM - CCA lanza a campaña do Día da Nai para impulsar e dinamizar as compras no comercio local durante as xornadas previas ao primeiro domingo de maio. Nesta ocasión, ASETEM organizou unha iniciativa cun premio orixinal e diferente. As compras feitas nas tendas locais participantes entre o venres 22 de abril e o domingo 1 de maio poderán entrar no sorteo dunha experiencia completa de benestar para mamá valorada en 600 euros. P3

Volve a Foliada de Melide os días 23 e 24 de abril

A próxima fin de semana celebrarase a XV edición da Foliada de Melide. Este evento musical retómase logo de tres anos e conta cunha potente programación de concertos e actividades. P14

"A pel é moi importante aprender a coidala ben"

Meixela Centro de Estética cumpre catro anos e a súa responsable, Nuria Carreira, fai un repaso por este tempo e comenta os aspectos máis importantes do seu negocio. P4

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

31 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Canto custa unha vida?

A sociedade actual segue a facer presión indiscriminadamente ás parellas que chegada unha certa idade non teñen fillos, comezan as frases como: "váisevos pasar o arroz". Unha presión que, en determinados casos, pode ser unha lousa coa que cargar. Ás veces, esquécesenos que ser nais e pais non é un dereito, é unha opción. Moitas parellas deciden non ter descendencia por vontade propia e outras a pesares das ganas inmensas non o conseguen. No caso destas últimas, logo de tentar ser pais e nais bioloxicamente comezan a aventura de adoptar, unha travesía chea de burocracia e atrancos que, en moitas ocasións, non chega a facerse realidade. Outras persoas escollen a vía dos ventres de aluguer, ou o que ben sendo o mesmo, explotar o corpo dunha muller a cambio de cartos. A pasada semana, o Tribunal Supremo resolveu que os ventres de aluguer vulneran os dereitos das nais xestantes e das crianzas. Entre outra cousa, porque ambos son "tratados como meros obxectos, non como persoas dotadas da dignidade de propia da súa condición de seres humanos e dos dereitos fundamentais inherentes a esa dignidade", tal e como sinala a sentencia.

Viñeta que fai reflexionar sobre os ventres de aluguer. / Foto: ctxt

No contrato ao que tivo acceso o Tribunal Supremo entre a nai xestante e os futuros pais fírmanse varias cláusulas que recordan bastante ao tempo dos escravos. Un dos puntos deste contrato afirma que se a muller xestante sofre unha enfermidade ou unha lesión "potencialmente mortal, a futura nai ten dereito a mantela con vida cun soporte vital médico, co obxecto de salvar ó feto ata que o médico determine que está listo para o nacemento", acaso vale máis a vida do bebé que a da nai? A muller xestante firma diversas cláusulas que a obrigan a entregar a crianza logo do seu nacemento e a renunciar a volver saber del. Sobre o prezo este contrato non fai mención a ningunha cifra, simplemente di que en caso de ser xemelgos se pagará unha cantidade maior, mais canto vale unha vida? Acaso unha nai pode poñer prezo á vida do seu fillo ou filla? Está recollido nese prezo unha compensación polo deterioro que a muller pode sufrir por mor do embarazo na súa saúde, tanto física como mental? Hai cousas que, simplemente, non teñen prezo.

Tribuna de opinión

O negocio das VUT

Xunta Directiva de ASETEM - CCA

Unha viñeta sobre o aumento das vivendas de uso turístico. / Foto: eldiario.es

Pódese afirmar que practicamente non queda unha cidade ou vila galega na que non haxa unha vivenda de uso turístico (VUT). Un tipo de negocio que prexudica gravemente a dous sectores: por unha banda, aos hoteis (e establecementos similares como hostais ou pousadas) para os que son unha dura competencia e, pola outra banda, para as persoas que buscan un piso para alugar, dado que quita parte da oferta e incrementa os prezos.

Dende a perspectiva dos hoteis, as vivendas de uso turístico non poderían ser competidores, xa que os primeiros establecementos pagan impostos, crean diversos postos de traballo (persoal da limpeza, de recepción, camareiros, etc) e dan unha serie de servizos que nas VUT non existen. Antes, existía a escusa de que este tipo de vivendas eran máis económicas, cuestión que a día de hoxe carece de sentido, sae tan caro alugar unha VUT como quedarse nun hotel ou hostal con todo tipo de comodidades. Escoller entre vivenda de uso turístico e hotel tamén é unha cuestión de crear comunidade.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Ana Mato, Latexo Logopedia, IES de Melide, Vanesa de Quinzán e CEIP de Arcediago
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....10
- COMARCA.....17
- CULTURA E LECER.....19
- COLABORACIÓNS.....22
- ENTREVISTA.....23

ASETEM - CCA lanza a campaña do Día da Nai cun gran premio para impulsar as compras no comercio de proximidade da vila

O cartel da campaña do Día da Nai deste ano, na que se vai sortear unha experiencia valorada en 600€. / Foto: Cerne

ASETEM - CCA lanza a campaña do Día da Nai para impulsar e dinamizar as compras no comercio local durante as xornadas previas ao primeiro domingo de maio.

Unha das iniciativas con maior repercusión nos establecementos asociados da vila é o Día da Nai, dado que é unha data especial na que a veciñanza da contorna se achega a Melide para escoller o mellor agasallo para regalar.

Nesta ocasión, a Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide decidiu organizar unha campaña cun premio orixinal e diferente. As compras feitas nos comercios locais participantes entre o venres 22 de abril e o domingo 1 de maio poderán entrar no sorteo dunha experiencia completa de benestar para mamá valorada en 600 euros. Nesta experiencia a persoa gañadora poderá gastar o diñeiro nos establecementos asociados en todo tipo de artigos como: roupa, calzado, beleza, xoias, ocio ou complementos. A mamá que reciba este gran agasallo poderá dividir os 600 euros como elixa. Un premio cun forte impacto económico para as tendas da vila, dado que vai a ser o maior premio entregado nunha iniciativa do Día da Nai dos últimos anos. Para realizar esta experiencia completa a persoa gañadora terá o prezo máximo dun mes dende o día que veña recoller o vale.

Para participar neste sorteo a clientela que merque nas tendas locais os seus agasallos para o Día da Nai poderá cubrir unha papeleta na que escribir os seus datos persoais (nome e número de teléfono). O sorteo vaise celebrar o mércores 4 de maio pola mañá na sede de ASETEM - CCA, será aberto a todas as persoas que queiran achegarse e subirase o vídeo ás redes sociais da entidade empresarial para quen o queira visionar.

Os comercios e empresas asociadas que estean interesadas en participar na campaña do Día da Nai e aínda non se anotaran poden facelo a través do correo electrónico: info@asetem.com, chamando ao 981 50 61 88 ou ben acudindo ás oficinas da asociación.

Dende a directiva da asociación comerciar e empresarial melidense, esperan que esta campaña conte cunha ampla participación por parte dos establecementos de proximidade, dado que cantos máis participen maior repercusión terá a iniciativa no comercio da localidade. Pola outra banda, dende a entidade agardan que a veciñanza apoie as tendas melidás mercando os regalos para o Día da Nai porque se o comercio local medra tamén o fará a vila. Mercar nos establecementos de proximidade é unha garantía de calidade e bo trato, non é preciso acudir ás cidades para comprar calquera tipo de agasallo, de feito, os comerciantes locais están encantados de amosar todos os novos artigos que teñen nas tendas.

As datas para realizar esta actividade están pensadas para aproveitar a fin de semana da Foliada de Melide, evento de música e baile tradicional, que achegará ao municipio persoas de todos os puntos de Galicia e que poden comprar durante eses dous días diferentes agasallos e, ao mesmo tempo, participar tamén no sorteo dunha gran experiencia completa de benestar para mamá, valorada en 600 euros e que se gastará nas tendas de proximidade.

Ademais, como xa é habitual nas campañas deste ano promovidas e organizadas por ASETEM, entregaranse de maneira complementaria a cada comercio participante varias decenas de caixiñas cheas de cariño que conterán dentro unhas lambetadas para ter un pequeno detalle coa clientela, que apoie o comercio local e que escolla os establecementos de Melide para mercar os seus agasallos.

LIMPIEZA Y DESINFECCIÓN AMBIENTAL
CONTRA EL CORONAVIRUS

Debido a la declaración del brote de coronavirus como pandemia global por parte de la Organización Mundial de la Salud, desde PLAGOSTEL queremos ayudarle a mantener las dependencias de sus instalaciones libres del virus COVID-19

Plagostel
N.R.S. [0177-GAL-SPO]
calidad e higiene alimentaria

Contacte con nosotros, podemos ayudarle
986118714 – 698179968
pedidos@plagostel.com

4º ANIVERSARIO DE MEIXELA

“A pel é moi importante aprender a coidala porque é o organo máis grande do corpo”

NURIA CARREIRA

Meixela Centro de Estética *(Rúa Rosaleda, 5 - Melide) Teléf.: 639 44 06 88*

Nuria Carreira, responsable de Meixela Centro de Estética, na entrada do seu establecemento en Melide. / Foto: Cerne

- Que repaso fas destes catro anos de Meixela Centro de Estética?

- Nuria Carreira (N.C): Estou moi agradecida porque a xente apoiounos dende o primeiro momento. Nós intentamos estar sempre á última, formarnos en novas técnicas e a clientela vai vendo os resultados, motivo polo que se acaban enganchando ao centro. Polo tanto, teño que dar as grazas porque Meixela non é se a xente non confiara en nós asique non podo estar máis contenta pola resposta da clientela. Nunca cheguei a pensar estar no lugar no que estou agora, non podo queixarme. Cando empezamos foi todo pouco a pouco e neste momento xa somos tres persoas traballando e, neste mes, vaise incorporar outra para que Meixela siga crecendo.

- Dende a chegada da pandemia medrou a nosa preocupación polo aspecto físico.

- (N.C): Si, igual xa non preocupación en si senón que a xente antes gastaba moito en viaxes e agora ve esa afición un pouco máis limitada por mor da pandemia. De feito, temos que clientas que antes da chegada do virus nos dicían un ano que non poida viaxar ou non teña tanto gasto gustaríame facer este tratamento. Polo tanto, penso que esta situación se deu por dúas razóns: unha, por estar continuamente coas videochamadas e o teletraballo nos axudou moito porque empezamos a vernos nas pantallas e a observar cousas que non nos gustaban do noso aspecto físico; e dúas, o non ter outro gasto permitiulle a moita xente gastar ese diñeiro no coidado persoal. Durante a pandemia metéronnos costumes que antes por falta de tempo non faciamos como o tema do deporte na casa, de feito, temos clientela de Meixela que comezou a facer exercicio físico co confinamento e segue a día de hoxe. Isto trae consigo querer continuar os cambios cara unha vida máis saudable entón empezamos a interesarnos en comer máis sano e a facer tratamentos para vernos mellor certas partes do corpo. Son un cúmulo de situacións que provocaron que os centros de estética tiveramos máis afluencia de clientes, é máis, para Meixela a pandemia foi unha axuda. Dende o primeiro momento no que deixaron volver traballar estiven coa axenda atope e cada vez foi a máis.

- Por que engancha vir a Meixela?

- (N.C): Pois supoño que ter a tecnoloxía máis avanzada do mercado, a innovación e a gran implicación do persoal que traballa en Meixela para que a clientela vexa os resultados. Esta implicación axúdanos a que os clientes e clientas teñan confianza en nós, algo moi importante para o noso traballo, e a formarnos, cando subo unha fotografía ás redes sociais de que estou dando unha formación nova a xente interacciona comigo e interésalle saber que vou aprender para ofrecer no centro. En definitiva, isto é como ir ao ximnasio, ti se vas todos os días e fas sempre cinta ao final acábaste aburrindo porque ves resultados no teu corpo pero psicoloxicamente ti aburreste; en Meixela para que non pase iso temos diversos servizos para que a clientela vaia probando segundo lle apeteza e non se aburra de facer sempre o mesmo.

- No ámbito da estética a formación é un aspecto fundamental.

- (N.C): Si porque os produtos van cambiando e ti tes que ter unha base de aprendizaxe porque traballas cunha parte do corpo moi delicada como é a pel, hai ocasións nas que hoxe facémoslle un tratamento a unha clienta que funciona ben e mañá deixa de facer efecto. Neste sector necesitas estar continuamente innovando e formándote porque mira, por exemplo, dende que temos as máscaras as peles cambiaron e necesitamos saber como tratar a pel nese novo estado. A formación é boa en xeral pero na estética non deixas de traballar co órgano máis grande do corpo, o que protexe o resto de órganos, e a pel é moi importante coidala e aprender a coidala ben na nosa vida diaria.

- A estética deixou de ser “cousa de mulleres”.

- (N.C): Así é, houbo un cambio no tipo de clientela que penso que se debe a que nós normalizamos o feito de que os homes acudan a un centro de estética. Unha cousa que axuda moito é o velo, por exemplo, cando subo unha fotografía dun home facendo algún tratamento hai moitos outros que se animan a probar. Hai homes que pensan que nos centros de estética só temos servizos para mulleres e non é así. Ademais, un mesmo tratamento non funciona igual na pel dunha muller que na dun home, neste último é o triple de eficaz e o resultado moito máis rápido. Polo tanto, animamos a que os homes veñan a Meixela para probar os nosos servizos.

- Cales son os tratamentos máis demandados pola clientela?

- (N.C): Pois é certo que eu como profesional son coñecida polo deseño de cellas pero quixen ir deixando iso como algo que fago ben pero que sepades que hai outras moitas máis posibilidades. Con isto quero dicir, unhas cellas pódenchas facer noutros centros como salóns de peiteado pero hai tratamentos como o INDIBA que só se pode realizar en centros especializados como este. Entón, o que máis me demandan é cellas pero grazas á aparatoloxía que fomos incorporando tratamentos como o INDIBA están sendo un servizo demandado sen parar, mostra disto é que empecei cunha máquina e xa tiven que mercar outra máis.

- Como afrontas o futuro máis próximo?

- (N.C): Con respecto, a situación está complicada coa subida dos prezos e require respecto, pero tamén con moita ilusión porque vai haber diversas novas que van ser moi revolucionarias. A clientela vaise sorprender coas novas que temos preparadas e que iremos contando pouco a pouco.

Óptica Alain Afflelou amplía os seus servizos e introduce a audiometría

Fachada da tenda de Alain Afflelou en Melide, onde teñen servizo de audiometría. / Foto: Cerne

A Óptica Alain Afflelou de Melide amplía os seus servizos e introduce como nova a audiometría.

O establecemento, asociado a ASETEM -CCA, pon en marcha o servizo de audiometría para a súa clientela. Con este traballo as profesionais de Alain Afflelou ofrecen unha revisión audiométrica gratuíta para todas as persoas que queiran revisar como están de audición, independentemente de que logo precisen ou non un audífono.

Dende a óptica comentan que, actualmente, contan cunha promoción pola que en función do tipo de audífono que necesite ten a opción de levarse outro a maiores por só un euro máis, para a propia persoa como para outra diferente. Ademais, a clientela cando leve o seu audífono ten trinta días para probalo e ver como lle funciona e mellora a súa audición. Por outra banda, a clientela tamén ten a posibilidade de financiar o aparello, se prefire non pagalo ao contado no momento da compra.

O tema da audición é moi importante para a saúde e vida social dunha persoa, xa que oír e entender á xente que nos fala é fundamental para desenvolver o noso día a día sen problema. Por esta razón, dende Óptica Alain Afflelou animan a toda a veciñanza da contorna que se achegue ao establecemento e revise de maneira gratuíta a súa audición para no caso de haber algún problema poder solucionalo canto antes. Este tipo de probas audiométricas especializadas poden realizalas todas as persoas, independentemente da súa idade e sen ningún tipo de compromiso.

En Óptica Alain Afflelou de Melide teñen todo tipo de audífonos para personalizalos da maneira máis axeitada ao problema de cada paciente. Neste comercio de proximidade, a clientela pode acudir a resolver dúbidas ou a solucionar calquera erro que teña co seu aparello para solucionalo nun corto período de tempo, unha vantaxe de non ter que achegarse ata unha cidade para revisar a saúde de audición. A Óptica Alain Afflelou do municipio está na ronda da Coruña, 16 e para as persoas que prefiran resolver dúbidas ou preguntas por teléfono poden chamar ao 981 50 60 97 de luns a venres, en horario de mañá e tarde, e os sábados e domingo, só en horario de mañá.

A carpintería Aluminios Melide mostra a súa solidariedade co pobo ucraíno

Un camión de Aluminios Melide na entrega da axuda. / Foto: A.M.R.Alecrín

Aluminios Melide, empresa melidense asociada a ASETEM - CCA, implícase coa axuda ao pobo ucraíno dado que foi un dos dous camións que transportou ata unha sede en Santiago de Compostela parte da mercancía que a Asociación de Mulleres Rurais Alecrín recolleu durante varios días de maneira solidaria nun baixo do municipio para que a veciñanza puidera colaborar.

O responsable de Aluminio Melide quixo poñer o seu gran de area nesta montaña de solidariedade e por iso de ofreceu a transportar o material que a veciñanza da comarca entregou nun baixo de Melide, organizado e posto en marcha pola asociación Alecrín, para enviar a Ucraína por mor da guerra, que o que fixo foi aumentar as necesidades de produtos básicos entre a poboación deste país en conflito. Dende Alecrín tamén lle queren agradecer a súa axuda a Miguel da Asociación 'O noso lar' de Visantoña que contribuíu a transportar toda a mercancía recollida.

Os produtos que se recolleron durante estas semanas foron: roupa, alimentos non perecedoiros, medicamentos, material de hixiene, artigos de primeiros auxilios, mantas e cueiros.

Esta iniciativa é unha mostra máis da solidariedade da poboación con Ucraína, ao igual que todas as persoas residentes en Melide que se están anotando no censo posto en marcha pola administración local para ou ben ser familia de acollida ou ben ceder unha vivenda para que poida vir unha familia refuxiada.

Aberto o prazo de solicitudes para o Plan Renove Electrodomésticos

Algúns dos electrodomésticos que entran no Plan Renove. / Foto: Electrosan

Aberto o prazo de solicitudes para as axudas do Plan Renove de Electrodomésticos da Xunta de Galicia. Os particulares interesados en solicitar esta subvención poden facelo ata o vindeiro 30 de setembro.

Os apoios do programa Galicia Renova Electrodomésticos están dirixidos a persoas que residen na comunidade autónoma e queiran mudar os seus equipos por outros da mesma tipoloxía e coa seguinte cualificación enerxética: A, B, C ou D.

Estas axudas poden ser de ata o 25% do prezo do electrodoméstico para o consumidor xeral e de entre o 50% e o 75% para usuarios con dificultades.

O Bono Peme abre o prazo de solicitude para impulsar o aforro e a eficiencia enerxética

A cafetería dun bar, un dos aparellos que entran no bono. / Foto de arquivo

O Bono Peme abre o prazo de solicitude para impulsar o aforro e a eficiencia enerxética en pequenas e medianas empresas e autónomos.

As axudas volven convocarse dentro do Plan de choque da Xunta de Galicia para facer fronte á actual carestía dos produtos enerxéticos e a situación de inflación do país.

Esta nova convocatoria estará aberta ata o vindeiro 14 de xullo ou ata que se esgote o crédito destinado a esta liña de axudas económicas. Este bono enerxético poden solicitalo os empresarios e autónomos con actividades no eido do comercio, a hostalería, artístico - recreativa e outros servizos de maneira telemática.

O Bono Enerxía Peme cobre o 80% do custo elixible da actuación ata un máximo de 6.000 euros por solicitude. Esta axuda apoia a instalación de elementos de control solar como toldos ou láminas de control solar ou térmico de cor branca, negra e variantes; a renovación de equipamentos de iluminación interior ou exterior que utilicen tecnoloxía led; a mellora de eficiencia enerxética en instalacións eléctricas que garantan unha subministración con calidade e fiabilidade; a renovación de equipamento do consumidor de enerxía como cafeteiras ou lavalouzas, entre outros; a instalación de aparellos que permitan reducir o consumo de enerxía ás instalacións de climatización, ventilación e auga quente sanitaria; ou sistemas domóticos ou inmóticos para a xestión de enerxía e eficiencia.

Colorín Colorado cambia de local no municipio

A nova tenda de Colorín Colorado na rúa Alexandre Bóveda. / Foto: Cerne

Colorín Colorado cambia a súa localización á rúa Alexandre Bóveda, número 7 de Melide. Nesta tenda teñen novos produtos para a súa clientela, artigos destinados á poboación infantil dende os cero anos ata a etapa da preadolescencia.

Colorín Colorado é un establecemento con ampla experiencia no sector da moda infantil no noso municipio, que despois de varios anos na ronda da Coruña estrea un novo local para conseguir un comercio con maior amplitude, máis acolledor e cómodo.

A nova tenda sitúase nunha zona con diversos establecementos locais hostaleiros, de alimentación, xoierías e de roupa.

A cafetería e pastelería Estilo premiada co Solete de estrada da famosa Guía Repsol

A fachada da cafetería e pastelería Estilo na rúa Progreso de Melide. / Foto: Cerne

A cafetería e pastelería Estilo, establecemento asociado a ASETEM - CCA, acaba de ser premiada pola coñecida Guía Repsol co recoñecemento Soletes de estrada. Este premio é outorgado polos diversos expertos deste manual gastronómico a máis de trescentos negocios hostaleiros de todo o territorio español e a só vinte e un situados na comunidade autónoma galega.

Este establecemento melidense leva setenta e cinco anos en activo como pastelería e sesenta como cafetería, é sen dúbida un dos negocios de hostalería máis antigos do municipio. O Estilo é recoñecido, tanto pola veciñanza como polos visitantes e turistas, pola calidade e sabor dos seus doces como os típicos de Melide, melindres, ricos e amendoados, e outros como os follados ou o turrón feitos de xeito artesán.

O responsable da cafetería e pastelería Estilo, Alberto Rodríguez, neto dos fundadores do establecemento, comenta para o xornal La Voz de Galicia: "somos un cruce de camiños e nótase esa afluencia de xente que está de paso e vén buscándonos". Ademais, Rodríguez afirma que recibir este Solete de estrada "para nós foi unha sorpresa moi agradable", dado que non o esperaban e o souberon pola prensa. Dende a cafetería e pastelería Estilo afirman recibir a diario o recoñecemento do seu traballo coa veciñanza e visitantes que se achegan ata o establecemento para consumir ou mercar algún doce e se amosan satisfeitos co servizo.

Alberto Rodríguez fai fincapé no apego á tradición, xa que no Estilo "intentamos respectar o receitario que nos deixaron meu pai e meus avós" para realizar os doces. En definitiva, neste establecemento de hostalería melidense recibir o Solete de estrada como "un recoñecemento a toda a historia da vida da pastelería e cafetería Estilo".

Todos os galardóns e premios que acollen os diferentes negocios de restauración do municipio amosan a gran calidade e variedade de servizos e produtos que ofrece Melide, unha parada obrigatoria no Camiño de Santiago e localidade de ampla tradición hostaleira, que merece a pena ser visitada por persoas doutras cidades e vilas.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

ENTREVISTA DE BENVIDA

“O sector das barberías está en auxe porque a clientela demanda un corte especializado”

DANIEL PIÑEIRO BUJÁN

Daniel’s Barber *(Rúa Rosaleda, 5 - Melide) Teléf.: 639 44 06 88*

Daniel Piñeiro, responsable de Daniel’s Barber, barbería situada na ronda da Coruña de Melide. / Foto: Daniel’s Barber

- Levas case un ano coa barbería aberta, que repaso fas destes meses?

- Daniel Piñeiro (D.P): Pois estou moi contento, a xente do municipio respondeu dunha maneira excelente dende a apertura e espero que todo siga así porque a acollida foi boa e non me podo queixar.

- Que te animou a abrir o negocio?

- (D.P): Animoume moito o feito de querer introducir un estilo diferente de barbería en Melide e logo que tiña moitas ganas de vir para a vila porque vivín aquí dende pequeno e apetecíame poder desenvolver a miña profesión na terra. Os melidenses somos moito de querer estar no municipio.

- Como che está afectando a suba dos prezos?

- (D.P): No que máis o notei foi na factura da luz que si que subiu un pouco pero no resto, polo momento, non o estou notando moito. Logo, o paro do sector dos transportes a min tampouco me afectou demasiado porque é certo que, ao mellor, non había un produto dunha marca en concreto pero atopabas outro similar e non había problema.

- Cales son os atrancos que estás atopando como emprendedor?

- (D.P): O maior atranco que vin ata o momento é no tema das subvencións porque deberían dalas un pouco antes, xa que moitas veces danas despois de dez meses e claro se che vai o negocio ben non tes problema para ir aguantando pero se a cousa vai mal a espera pola axuda económica faise moi longa. De feito, unha persoa emprendedora cando máis necesita que lle dean o diñeiro é ao principio que é cando ten máis gastos e menos beneficios porque entre que aínda a xente non te coñece e non estás asentado é cando máis precisas esa axuda que che permita seguir a diante e seguilo intentando senón aos dez meses xa pode ser tarde para o emprendedor.

- Que servizos ofreces en Daniel’s Barber?

- (D.P): Tinturas, cortes de pelo e recortes de barba. Todo isto dun xeito diferente e novidoso, dándolle moita liberdade ao cliente para que se sinta coma na casa e se anime a probar cousas novas.

- A clientela anímase cos cambios de estilo?

- (D.P): Pouco a pouco vaise animando, costa un chisco porque necesitan pensalo moito pero despois acáballes gustando.

- Actualmente, como está a situación do sector das barberías?

- (D.P): Dende que acabou o confinamento da pandemia as barberías están bastante en auxe. É certo que nos primeiros momentos da pandemia foron un sector moi afectado, como outros moitos, pero foron recuperando e agora están nun momento moi bo. Neste intre, incluso creo que están en demasiado auxe nas cidades porque a clientela está vindo máis ás barberías, hai anos daba igual cortar o pelo dun home que dunha muller pero dende hai sete ou cinco anos gañou peso a especialización. Actualmente tes que escoller home ou muller para poder especializarte ben e ser bo profesional.

A GUERRA DE UCRAÍNA DENDE UNHA PERSPECTIVA LOCAL

As consecuencias da guerra chegan a todos os recunchos de Europa

Na actualidade, se hai un acontecemento que acapara todas as portadas dos medios de comunicación e todas as miradas e, sen lugar a dúbida a guerra en Ucraína. Un acontecemento de extrema violencia que cada persoa mira e ve dende unha perspectiva diferente. Para Manuel Vázquez, presidente de ASETEM - CCA, e máis coñecido como "Sierra", esta guerra colleu outra cor dende hai uns días, dado que o pasado mércores 24 de marzo iniciou unha viaxe á fronteira de Polonia con Ucraína como voluntario para transportar varios quilos de axuda humanitaria e traer 24 persoas refuxiadas. Unha travesía que compartiu con outros dez voluntarios e voluntarias a través do Banco de Alimentos Rías Altas da provincia da Coruña.

O equipo de persoas voluntarias do Banco de Alimentos da Coruña que viaxou ata Ucraína. / Foto: Manuel Sierra

Unha viaxe de difícil retorno, especialmente no eido emocional, ao chegar e despois de baleirar as furgonetas coa axuda humanitaria era o momento de coñecer os novos compañeiros da travesía de volta, "cando chegas e ves a toda esa xente mirándote, esperando que sexan eles os escollidos para irse aí empeza o coche de realidade", comenta Vázquez. Esas persoas que conseguiron fuxir da guerra poñen a súa esperanza e desesperación ao servizo de persoas voluntarias que como Manuel se acheguen a darlles unha nova oportunidade, "cando subiron ás furgonetas estaban desencaixados", sinala o presidente de ASETEM - CCA. Dende o momento de partida máis de 3.000 quilómetros os separaban da súa nova vida, deses lugares onde podería comezar de cero como son os concellos de: Lugo, Camelle ou Culleredo. Territorios onde empezan outros novos retos como aprender un idioma diferente, coñecer outra sociedade e unha cultura nova e recuperarse, pouco a pouco, das traumáticas experiencias vividas no seu país de orixe.

Co paso dos días, nos rostros desas persoas volvían debuxarse, por momentos, os sorrisos. Algunhas das familias refuxiadas que viñan nestas furgonetas de camiño a Galicia, xa levaban tres semanas fóra das súas casas, escapando de cidade en cidade dos disparos e das explosións. O único home refuxiado nesta travesía, viña acompañado dos seus tres fillos e a súa parella, era cociñeiro no teatro de Mariupol bombardeado hai unhas semanas, lugar no que estaba refuxiado coa súa familia ata ese día e onde resultou ferido por mor deste bombardeo.

Nesta guerra gran parte de Europa estase implicando en axudar, boa mostra disto é "cando viñamos de volta para España, cruzámonos con varios autobuses e furgonetas doutros países europeos como Bélxica ou Alemaña que tamén levaban persoas refuxiadas no seu interior", comenta con emoción Manuel Vázquez. Neste punto, hai un sector da sociedade que non entende a diferenza entre as persoas refuxiadas desta guerra e doutros conflitos bélicos como pode ser Siria, lugares para os que ollamos sen facer nada ao respecto e que deixamos a súa poboación sen esperanza. Os gobernos deben ser os encargados de mudar esta circunstancia de desigualdade entre diferentes poboacións, nas que o seu país de orixe pode ser un lastre á hora de recibir axuda. Os Estados e organizacións teñen que loitar polo cumprimento da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, onde o seu artigo número 3 defende que "todo individuo ten dereito á vida, á liberdade e á seguridade da súa persoa", parece que algúns dirixentes e diplomáticos deberían repasar estes dereitos que temos todos os seres humanos, independentemente da nosa raza, sexo, cor, idioma, relixión e ideoloxía.

Con esta situación pode resultar incrible que nun estudo realizado por un medio ruso considerado independente afirme que en Rusia, a popularidade de Putin subiu dende o inicio da guerra. De feito, o 86% da poboación do país aproba o que está facendo. Este dato hai que collelo con moito coidado e precaución, dado que a poboación rusa está inmersa nun réxime onde os seus habitantes e xornalistas que se manifesten en contra da guerra contra Ucraína poderán ser encarcerados durante un máximo de 15 anos, unha nova norma que estableceu Kremlin para castigar a "desinformación" e o apoio ás sancións de Occidente impostas contra o país pola invasión de Ucraína.

Non obstante, as consecuencias desta guerra non só se están notando nos dous países directamente implicados, dado que en España, ao igual que no resto de países europeos, xa empezan a resoar as consecuencias en diferentes eidos. Un exemplo claro e que todas e todos apreciamos é o aumento de prezos da cesta da compra, dende hai uns meses o prezo dos produtos básicos de alimentación como as verduras, hortalizas, legumes, aceite, pasta, peixe e carnes non tocan teito. Para ollar as facturas da electricidade precisamos valentía, por mor do enorme incremento do prezo dun ben de primeira necesidade como é a luz. Non obstante, este desorbitado aumento dos prezos non só é culpa da guerra, dado que nos meses previos á irrupción deste conflito bélico a inflación xa estaba a coller unha tendencia á alza.

No debate mencionado anteriormente sobre o feito da existencia de distintos movementos e accións solidarias co país ucraíno, xa que unha parte da poboación pregúntase por que a Ucraína si se lle axuda e a outros países tamén en situacións de conflito bélico como Siria non. Na sociedade actual, non debería existir cidadanía de primeira nin de segunda, ao igual que tampouco debería haber voces discordantes que critiquen unha acción solidaria para axudar a fuxir a un grupo da poboación dunha situación de guerra, independentemente do país no que se produza. Non se debe esquecer que pesadelo das persoas refuxiadas non remata no momento no que poñen os pés en territorio en paz porque son moitas familias as que deixan algún ser querido loitando no conflito, sen saber simplemente se poderán volver velo e sen coñecer se haberá algunha posibilidade de seguir o seu camiño no seu país de orixe.

A Festa do Melindre celebrarase os días 7 e 8 de maio e cumple o seu trinta aniversario

Xosé Manuel Pérez, alcalde, Xosé Igrexas, concelleiro e Alberto Rodríguez, reposteiro. / Foto: Concello de Melide

A Festa do Melindre e da repostería tradicional da Terra de Melide celebrarase o vindeiro fin de semana do 7 e 8 de maio para conmemorar o seu 30 aniversario. A festa máis doce de Galicia contará con diversas actuacións musicais, obradoiros sobre gastronomía e animación a pé de rúa para facer desas xornadas un evento festivo, logo de dous anos nos que se tivo que facer de xeito diferente por mor da pandemia.

A presentación da Festa do Melindre e da repostería tradicional da comarca presentouse o pasado xoves na aula gastrocultural do Mercado de Abastos de Santiago, espazo escolmado polo Concello de Melide para dar unha maior repercusión e promoción aos doces estrela do municipio. Nesta rolda de prensa, por parte da administración local interveu o alcalde, Xosé Manuel Pérez, o concelleiro de promoción económica, Xosé Igrexas e o presidente da Asociación de repostaría tradicional "Melide Terra Doce", Alberto Rodríguez. No acto de presentación da Festa do Melindre, o alcalde do municipio fixo fincapé nas orixes e tradición destes doces típicos, dado que os melindres, ricos e amendoados "forman parte do patrimonio da vila".

Esta edición da festa máis doce de Galicia, de interese turístico galego, contará con varias novas na súa programación. En primeiro lugar, durante a segunda fin de semana de maio, haberá tres espazos diferenciados nos que se desenvolverán diversas actividades e levarán por nome os tres doces da repostaría tradicional melidense: espazo melindre (situado na Praza do Convento), rico (na rúa que se une coa praza) e amendoado (no Cantón de San Roque). A seguinte nova será a instalación dunha exposición de fotografías sobre os 30 anos da Festa do Melindre, o que permitirá á veciñanza e visitantes coñecer mellor a historia e orixes dos doces tradicionais. Por último, o concelleiro de promoción económica comentou que "o Concello de Melide desenvolve unha campaña concreta para a promoción dos doces típicos da vila durante todo o ano", co obxectivo de que o consumo de melindres, ricos e amendoados se produza durante todo o ano e non só arredor da fin de semana de celebración.

A programación da festa comezará o xoves 5 de maio no espazo melindre cun faladoiro sobre tradición, dedicación e artesanía no que participarán o xornalista e crítico gastronómico, Miguel Vila; o recoñecido panadeiro do establecemento Pan da Moa de Santiago, Guillermo Moscoso; a mestra de panadaría na EFA A Cancela das Neves, Fátima Estevez; e o presidente da Asociación Melide Terra Doce e responsable da pastelería Estilo, o encargado de moderar será José Manuel García, director do programa "Comer e Falar". Xusto despois deste faladoiro, haberá unha demostración culinaria doce dos centros educativos a cargo da EFA Piñeiral de Arzúa, a EFA A Cancela das Neves e o CIFP Vilamarín de Ourense, onde se degustarán as elaboracións de sobremesas elaboradas polo propio alumnado. O venres 6 haberá outra demostración gastronómica con degustación realizada por Manuel Garea, pasteleiro e docente de hostalería, chamada "Os doces de Melide na cociña". A continuación, os responsables de Casa Mejuto farán unha maridaxe e degustación con melindres, ricos, amendoados e queixos.

Os días máis fortes comezan o sábado coa apertura da feira, a cal contará con 24 postos cos mellores produtos, e a animación de rúa coa charanga "Santa Compaña". Durante esta mañá os cativos e cativas terán un papel protagonista, dado que haberá varios obradoiros infantís con Manuel Garea e Julia de la Cal, nestas actividades haberá un límite de prazas e cubrirase por orde de chegada. Pola tarde é a quenda do persoal de Borboriño que impartirá un obradoiro de xeados artesanais producidos con materias primas naturais de orixe local. Antes de dar paso aos concertos, os cociñeiros do restaurante A Horta d'Obradoiro de Santiago, Kike Piñeiro e Eloy Cancela farán unha degustación titulada "Os 30 anos do melindre". As actuacións musicais serán a cargo dos grupos "Grande Amore" e "The Limboos".

O último día de festa volverase abrir a feira con animación de rúa co grupo de música tradicional "Froito Novo" que este ano cumpre o seu 50 aniversario. No medio da mañá será o acto de nomeamento dos embaixadores e o pregón, a cargo de Cristina Pampín, xornalista de TVE. Os embaixadores dos melindres, ricos e amendoados deste ano serán: a propia pregoeira, os gañadores do concurso "Come a Comarca" (Pedro Coego, Pablo Laya, José Mouriño, Daniel Quintela e Román Varela), Manuel Garea, Kike Piñeiro e Eloy Cancela; o cometido dos embaixadores será promover os doces típicos da Terra de Melide nos seus diferentes eidos laborais. Pola tarde haberá unha actuación infantil con "Jano sen Medidas" e pecharase a festa co concerto do grupo "Os D'Abaixo".

Durante toda a fin de semana tamén haberá unha pequena feira cos postos de Artesanía de Galicia no espazo amendoado (Cantón de San Roque). Unha programación variada e diversa para poñer en valor os doces típicos da Terra de Melide, así como a súa historia e as súas orixes, para que sexan máis coñecidos e consumidos por persoas de diferentes lugares e en distintas épocas do ano.

O alcalde da vila quixo pechar o acto convidando a todo o mundo a visitar Melide nesa fin de semana e acudir a "unha festa que para os melidenses é de gran importancia". Uns días nos que os melindres, ricos e amendoados, serán os protagonistas absolutos e darán mostra da gran calidade dos produtos gastronómicos da comarca. Unhas xornadas nas que Melide se converterá na vila máis doce de Galicia.



Mapa de Melide no que se sinalan os tres espazos para a festa. / Foto: Cerne

SABER DE LEI

Ana Mato Salgado
Avogada
Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

A NOVA LEI DE TRÁFICO

A nova lei de tráfico e seguridade viaria entrou en vigor o pasado 21 de marzo, con cincuenta novidades, co fin de reducir a sinistralidade e reforzar a seguridade viaria nas estradas españolas, unha lei que se intenta adaptar aos novos tempos.

Entre as modificacións máis polémicas está a de aumentar de 3 a 6 puntos o uso de dispositivos móbiles ao volante, para evitar que se use en todo momento o móbil, exceptuando se está conectado ao vehículo que si se poderán realizar chamadas. Tan só o feito de levar o móbil na man é considerado como infracción moi grave. Dende 2016 esta distracción é a primeira causa de accidentes mortais.

Non levar cinto de seguridade, non levar sistemas de retención infantil, casco e demais elementos de protección obrigatorios aumenta de 3 a 4 puntos. No ano 2020 o 26% dos falecidos nas estradas non levaban o cinto de seguridade posto. En canto á velocidade suprímese a posibilidade de superar os límites de velocidade en estradas convencionais cando adiantes a outros vehículos, esta é a eliminación dos 20 km /h de marxe para adiantar.

Como novidade para os motoristas autorizase a utilización de dispositivos inalámbricos certificados ou homologados para a utilización no casco de protección dos condutores de moto e ciclomotor, con fins de comunicación ou navegación, sempre que non afecte á seguridade na condución. Tamén como novidade introdúcese unha nova infracción grave, con 200 euros de contía por non respectar as restrincións de circulación derivadas da aplicación dos protocolos ante episodios de contaminación e das zonas de baixas emisións. (A lei de Cambio Climático e Transición Enerxética obriga aos municipios de máis de 50.000 habitantes a establecer Zonas de Baixas Emisións antes do 1 de xaneiro de 2023).

Outra infracción catalogada como moi grave é a de cometer fraude nas probas de obtención do permiso de conducir, xa que sancionase con 500 euros de multa, nin tampouco dito aspirante se poderá volver presentar as probas para a obtención do permiso por un prazo de 6 meses. Ter mecanismos de detención de radares ou cinemómetros castígase con 3 puntos, aínda que non cheguen a utilizarse, chega o mero feito de telos. A taxa de alcohol será 0;0 para os menores de idade condutores de calquera vehículo. O incumprimento das normas sobre o auxilio nas vías públicas e o uso do alcoholímetro antiarranque, botar a vía obxectos que poidan producir incendios ou accidentes son considerados infraccións moi graves con multa de 500 euros. As graves son castigadas con sancións de 200 euros e as leves serán de 100 euros. Outro aspecto que contempla a nova lei son o uso de casco para patinetes e bicicletas, ademais de sacar os patinetes de beirarrúas e zonas de peóns. Os condutores de vehículos a motor terán que cambiar de calzada se a mesma ten máis dun carril para as manobras de adiantamento aos ciclistas.

A lei contempla cursos de condución segura que ofrecerán dous puntos se se aproban, ao igual que contempla a formación en liña nos cursos de sensibilización e concienciación, pero non as clases teóricas para obter o carné de conducir que seguirán impartíndose única e exclusivamente nas autoescolas. En 2021 a DXT recadou uns 400 millóns de euros en multas de tráfico, un ránking que encabezan as cidades de Madrid e Sevilla, coas novas sancións prevese que estas cifras vaian en aumento. É unha lei que aposta polo futuro en canto incorpora a política medioambiental, obrigando de tal xeito aos usuarios a protexer o medioambiente da contaminación, ou así o xustifican dende a DXT. O que está claro é que vamos ter que comezar a cumprir coa nova normativa se non queremos que nos toque no peto.

ESTE MES *LATEXO LOGOPEDIA* CÓNTACHE..."

DISLEXIA E TDAH

Cristina Fernández Barros
Nº col. 15/0099

latexo logopedia
Rúa Rosalía de Castro, 3 Melide

Estes dous estamos acostumadxs a escoitalos a miúdo. Ao longo da carreira profesional as logopedas podemos atopar pacientes coa etiqueta de TDAH ou dislexia sen rastro deles e outrxs etiquetadxs como "lacazáns" ou "preguiceirxs" sendo disléxicos, hiperactivos ou inatentos "de libro". Non sempre é fácil dar o diagnóstico pero para iso as profesionais deben ter unha experiencia que as avale.

No caso da dislexia, non debemos confundila con ALEXIA ou con ALTERACIÓN NA APRENDIZAXE DA LECTOESCRITURA. A ALEXIA sería a incapacidade total para a lectoescritura, habitual tras sufrir un dano neurolóxico. É máis difícil delimitar a diferenza entre dislexia e as alteracións na aprendizaxe da lectoescritura. Dende un punto de vista logopédico, a dislexia non debe diagnosticarse con 5-6 anos, posto que non recibiu intervención sobre as dificultades que presenta nin ten afianzada a aprendizaxe da lectura e a escritura, nin definidas outras capacidades previas; sería unha alteración na aprendizaxe da lectoescritura sobre a que se debería intervir para axudar a que as dificultades non supoñan un atraso. No caso dunha persoa de 7-8 anos, que tras recibir intervención especializada durante alomenos 6 meses continúe con dificultades, será máis probable a dislexia. Se ademais, a persoa tivo alteracións na adquisición da linguaxe, é máis probable aínda.

No caso do TDAH, houbo unha tempada atrás que case todas as persoas que eran un pouco máis movidas ou tiñan un pouco máis de dificultade para centrarse nunha actividade, eran diagnosticadas de TDAH e medicadas. É importante apuntar que este trastorno, ten unha boa resposta cando se medica pero o diagnóstico ten que ser confirmado e descartadas outras causas desas alteracións na atención antes de dar unha medicación.

Hai que ter presente que non son enfermidades pero son alteracións que permanecen ao longo da vida. Con todo, as persoas con dislexia ou TDAH, son capaces de desenvolver estratexias que lle permitan manter un nivel adecuado para os estudos e o traballo. Proba disto é que hai moitas personaxes famosas que teñen dislexia ou TDAH e foron capaces de triunfar, como pode ser Tom Cruise, Robin Williams, Picasso ou Mozart. Por iso é tan importante quedar por encima das etiquetas e traballar para que as persoas acaden as competencias que a dislexia ou o TDAH non lles permite de forma máis sinxela.

O papel das logopedas pasa por traballar as habilidades previas e a aprendizaxe da lectoescritura reforzando dende a conciencia fonolóxica e a orientación espazo- temporal ata a comprensión lectora e os hábitos de estudo. A forma ideal, en conexión con outras disciplinas como a psicoloxía ou a psicopedagoxía e, posto que no ámbito onde máis dificultades presentará a persoa será na escola, coa mestra en audición e linguaxe, coa mestra de pedagoxía terapéutica e coa titora. Sen esquecernos de que a familia terá un papel primordial e a persoa afectada, que debe ser parte activa do tratamento. Se todas as persoas implicadas traballan na mesma dirección, a evolución será positiva e ascendente.

Teléfono:
642 007 210

A Deputación volve a ofertar as axudas de apoio económico co Plan de Emprego Local

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, nunha rolda de prensa. / Foto de arquivo

Dende onte está aberto o prazo para solicitar as axudas de apoio económico do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña.

A primeira liña de axudas é a PEL - autónomos: unha subvención dirixida a apoiar o emprendemento a través da financiación das cotas sociais de persoas autónomas. Algúns dos requisitos para ser unha persoa beneficiaria destas axudas son: ter o domicilio fiscal nalgún municipio da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes, estar dado de alta no Réxime do RETA, ter unha antigüidade máxima de cinco anos de exercicio continuado na actividade empresarial para a que solicita axuda.

Outra das liñas de axudas é a PEL - emprende inversión: subvencións para a consolidación e o fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia coruñesa a través do apoio á inversión en bens inventariables. Os destinatarios destas axudas son pequenas, medianas e microempresas, así como persoas autónomas. Promotoras de iniciativas empresariais no ámbito provincial que, con anterioridade á data de publicación da convocatoria destas axudas, reúnan os seguintes requisitos: ter o domicilio fiscal nalgún municipio da provincia, estar dado de alta no Réxime do RETA ou no Rexistro Mercantil, ter unha antigüidade máxima de 5 anos do exercicio continuado na actividade empresarial para a que se solicita a axuda. Neste caso, quedan en exclusión: agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado carentes de personalidade xurídica, novas empresas que sexan transformación de outras que teñan unha antigüidade superior a cinco anos ou que sexan continuidade dunha actividade exercida por outra empresa ou persoa autónoma con antigüidade de máis de cinco anos.

A terceira liña de axudas é a PEL - PEMES creación e ampliación: subvencións á creación e ampliación do cadro de persoal de pemes, persoas autónomas e microempresas. Para estas axudas é necesario ter domicilio fiscal nalgún concello da provincia de menos de 20.000 habitantes. Quedan excluídas as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado carentes de personalidade xurídica.

Por último, están as axudas para subvencionar o mantemento das contratacións ao amparo de PEL - PEMES creación e ampliación 2021. Os requisitos son: ter o domicilio fiscal nalgunha localidade da provincia de menos de 20.000 habitantes e manter a mesma xornada de traballo do contrato subvencionado na anterior convocatoria ou incrementar a xornada.

O prazo previsto para a presentación de solicitudes estará aberto ata o 11 de maio ás 14:00 horas. As solicitudes presentaranse telematicamente a través da plataforma Subtel.

O alumnado de ensino non obrigatorio xa pode solicitar as bolsas do Ministerio de Educación

Alumnado do IES de Melide nunha aula do centro educativo. / Foto de arquivo

O Ministerio de Educación abre o prazo de solicitude das becas para cursar ensinanzas non obrigatorias no curso 2022 - 2023.

O alumnado ten que realizar a solicitude para ser beneficiario desta beca a través da páxina web do Ministerio de Educación antes do vindeiro 12 de maio.

As ensinanzas comprendidas nestas axudas para o alumnado residente no Estado español son: por unha banda, as ensinanzas postobrigatorias e superiores non universitarias: 1º e 2º de bacharelato, formación profesional de grao medio e superior (incluídos os realizados en centros docentes militares), ensinanzas deportivas e artísticas superiores, estudos relixiosos, estudos de idiomas realizados en escolas oficiais de titularidade das administracións educativas (incluída a modalidade a distancia), cursos de acceso e preparación para as probas de acceso á formación profesional e cursos de formación específicos para o acceso aos ciclos formativos de grao superior e medio (impartidos tanto en centros públicos como privados concertados), e para rematar, os ciclos formativos de grao básico; pola outra banda, ensinanzas do sistema universitario español: ensinanzas universitarias conducentes a títulos oficiais de grao e máster, cursos de preparación para acceso á universidade de maiores de 25 anos, complementos de formación para acceso ou obtención do título de máster e créditos complementarios para a obtención do título de grao (exclúese o doutorado).

Estas becas terán dúas partes: a contía fixa e a variable. A primeira delas consiste na beca de matrícula, contía ligada á renda do estudante, á residencia do mesmo durante o curso educativo, á excelencia no rendemento académico e a beca básica. Logo pódese incluír á beca unha contía variable e distinta para os diferentes solicitantes que resultará da ponderación da nota media do expediente do estudante e da súa renda familiar.

Na solicitude destas axudas económicas, o alumnado deberá incluír os datos de seus pais (independentemente de que estean divorciados) e dos irmáns menores de 25 anos.

A administración local realizará obras de adecuación e posta en valor da rúa Ovedo

A rúa Ovedo no Casco Histórico de Melide, unha zona moi concorrida pola veciñanza. / Foto de arquivo

O Concello de Melide levará a cabo un proxecto de obras para a adecuación e posta en valor da rúa Ovedo, no Casco Histórico do municipio. Esta iniciativa incluirá os traballos de renovación do pavimento, da rede de saneamento e subministración de auga e da canalización das instalacións de telecomunicacións, subministración eléctrica e iluminación.

Dende o equipo de goberno local afirman que con esta intervención "o Concello busca mellorar a accesibilidade peonil e a imaxe da rúa". De feito, sinala que estas obras "veñen sumarse ao traballo de posta en valor do noso Casco Histórico". A rúa Ovedo atópase en pleno núcleo da vila e por ela corre o Camiño Francés, declarado Patrimonio Mundial pola UNESCO.

O prazo de licitación destas obras, aprobada no pasado mes de febreiro, rematou a finais de marzo. A continuación, o prazo de execución será de 6 meses. Este proxecto está financiado pola Deputación da Coruña a través do Plan Único de Concellos POS+2021, esta intervención conta con 139.984,30 euros.

As obras abarcarán todo o conxunto da rúa Ovedo, unha zona de uso maioritariamente peonil e comercial, dende o inicio da rúa San Antón, na Praza do Convento, a través da rúa Nova e ata a de San Pedro. O espazo de intervención terá unha lonxitude de 88,5 metros e unha superficie de 578 metros cadrados. Nesta área acondicionarase a vía para mellorar a accesibilidade, suprimindo barreiras arquitectónicas e mellorando a imaxe urbana.

Un dos aspectos que as obras pretenden corrixir é o actual trazado das liñas de subministro eléctrico, co cableado grampado nas fachadas, elementos que distorsionan gravemente o ambiente dunha vía histórica, como é a rúa Ovedo. Por esta razón, as obras incorporarán unha canalización común para instalacións de telecomunicacións, subministro eléctrico e alumeamento, que procura do mesmo xeito a integración dos contadores de lectura remota. Con esta finalidade, disporase a cada lado da vía un prisma de formigón con catro tubos de condución para o soterramento do cableado aéreo das fachadas dos edificios.

Pola outra banda, as obras incluirán a realización dunha rede separativa de saneamento e recollida de pluviais. Seguindo o eixe da rúa, disporase unha tirada de sumidoiros para a recollida de pluviais, conectados a un novo trazado de tubo soterrado. En cada baixante dos edificios cuxa fachada frontal dea a esta rúa realizarase unha conexión coa nova rede de recollida de pluviais. Ademais, revisarase a rede de abastecemento actual para asegurar a distribución da subministración. En canto á pavimentación, dada a súa importancia histórica, será realizada con lousas de pedra de granito co mesmo acabado e tonalidade que as pedras das rúas limítrofes, como a Praza do Convento.

Melide acolle o programa 'Camiños de Experiencia' da USC dirixido á persoas de máis de 50 anos de idade

O Concello de Melide, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, lanza un ano máis a iniciativa de participación a través do programa Universitario de Maiores IV Ciclo, dirixido a persoas maiores de 50 anos residentes na vila melidense.

Este proxecto, chamado 'Camiños de Coñecemento e Experiencia', ten como finalidade crear un espazo de encontro e formación entre a universidade e o concello de Melide, a través do cal as persoas maiores de 50 anos que queiran participar desfrutarán da aprendizaxe en distintas áreas de coñecemento, como por exemplo: as herdanzas en Galicia, o envellecemento saudable ou o cinema.

A formación desenvolverase en varias sesións de noventa minutos no Edificio Multiusos do municipio, en horario de tarde de 16:30 a 18:00 horas, impartíndose sesións expositivas, interactivas, así como sesións prácticas que se concretan en diversas visitas.

O programa, 'Camiños de Coñecemento e Experiencia' celebrarase en Melide os vindeiros 18, 19, 21, 27 de abril e o 2 de maio. No municipio veciño de Arzúa tamén se vai levar a cabo esta iniciativa, polo que as persoas interesadas neste proxecto ou con dúbidas sobre o mesmo poden poñerse en contacto cos departamentos de cultura dos dous Concellos en horario de mañá.

A estrada de Sabián contará cunha senda peonil para garantir a seguridade viaria

A estrada melidense de Sabián na actualidade. / Foto: Concello de Melide

A estrada melidense de Sabián contará cunha senda peonil para garantir a seguridade viaria. Esta senda será construída con cargo do 100% ao Plan Único da Deputación da Coruña.

A senda peonil terá un custo de 57.000 euros. O proxecto vén de rematar a fase de licitación e as empresas interesadas xa presentaron as súas propostas para levalo a cabo.

Os obxectivos principais destas obras son: a accesibilidade nunha zona pola que transitan de xeito habitual peóns e incrementar a seguridade viaria da estrada de Sabián. A senda peonil construírase na marxe dereita da pista. O itinerario realizarase canalizando a cuneta existente para a execución posterior dunha lousa de formigón apta para o percorrido a pé. Dende a administración provincial anuncian que o prazo para executar estes traballos será de, aproximadamente, catro meses. Ademais, dende a Deputación afirman que "con esta actuación o Plan Único segue a ser ferramenta chave para levar a cabo importantes investimentos que melloren a seguridade viaria das estradas locais".

A mellora da estrada nacional 547 no tramo entre Melide e Arzúa chega ao Congreso

Parte do tramo da estrada N-547 á altura do Río Furelos en Melide. / Foto de arquivo

A mellora da estrada nacional 547 no tramo entre as vilas de Melide a Arzúa chega ao Congreso dos Deputados a través dunha Proposta Non de Lei presentada polo BNG na Comisión de Seguranza Viaria.

Nesta iniciativa que non foi aprobada por mor dos votos en contra de PSOE e UP, reclamábase a reforma integral da N-547 entre Arzúa e Melide con actuacións urxentes no trazado, a sinalización e a mellora no firme das travesías. Nesta Proposición Non de Lei tamén se instaba a rematar, no menor tempo posible, os tramos pendentes da A-54 que conecta Santiago de Compostela e Lugo, que reducirá o tránsito polo centro das dúas localidades. Pola outra banda, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana confirmou en novembro que ten previsto inverter 600.000€ na mellora da estrada N-547 ao seu paso por Arzúa e Melide. Estas actuacións serán de mantemento para a rehabilitación do firme e a renovación da calzada.

Éxito rotundo na primeira andaina solidaria contra o cancro infantil

Decenas de participantes realizando a andaina solidaria. / Foto: T. Melide

A veciñanza melidá amosou unha gran resposta á primeira andaina solidaria organizada polo Concello de Melide e a Asociación Deportiva Cerne. O pasado sábado 2, preto de 200 persoas, entre adultos e nenos, participaron nestes percorridos solidarios, un de 4 quilómetros para os máis pequenos e outro de 9 para os adultos, co fin de recadar fondos a favor da Asociación de Axuda a Nenos Oncolóxicos de Galicia (ASANOG).

Os organizadores teñen rexistrados 150 donativos aos que hai que sumar o diñeiro en metálico que entregaron as persoas que acudiron á Praza do Convento durante esa mañá.

Os días 23 e 24 celébrase a XV edición da tradicional Foliada do municipio

A concelleira de cultura, Mayka Basalo, e o alcalde melidense, José Manuel Pérez na presentación do cartel. / Foto: C.M

A próxima fin de semana, o sábado 23 e o domingo 24 celébrase a XV edición da tradicional Foliada de Melide. Este evento musical retómase logo de tres anos e conta cunha forte programación de concertos e actividades para desfrutar tanto veciñanza como visitantes e turistas.

Na presentación desta nova edición da Foliada de Melide, a concelleira de cultura, Mayka Basalo, fixo fincapé en que este evento de baile e música tradicional é unha das citas ineludibles e "unha festa feita por e para o pobo". Este ano regresan as actividades tradicionais como o Serán e o Concurso de Cantos de Taberna durante a xornada do sábado. O Concurso de Cantos de Taberna acolle a súa décimo primeira edición e celebrarase na zona dos viños dende as doce da mañá, unha das actividades con maior afluencia da Foliada. No caso do Serán, será arredor das sete e media da tarde e participarán grupos de música tradicional de vilas da contorna como Santiso, Sobrado, Toques, Arzúa e Palas de Rei; así como doutros puntos de Galicia como da comarca do Morrazo.

Para o sábado pola noite está programado un concerto do Comando Curuxás na Praza do Convento, a partir das doce. Este grupo conta cun amplo repertorio vocal e instrumental e unha vocación ligada á música tradicional, o seu espectáculo incluirá ritmos bailables "para compor unha actuación completa e que guste a todo o mundo", sinalan dende o Concello.

O prato forte da Foliada de Melide chegará o domingo a partir das sete da tarde no parque Rosalía de Castro co concerto das Tanxugueiras. O grupo das irmáns Maneiro, Olaia e Sabela, e Aída Tarrio dará no municipio unha das primeiras actuacións da súa xira Midas.

A edición da Foliada deste ano contará de novo coa mostra de artesanía, que reunirá artesáns de todo o país en postos que inclúen elementos tan diversos como instrumentos musicais, traxes tradicionais ou tallas en madeira, pedra e coiro. A XV edición da Foliada de Melide é "un evento familiar e plural cheo de actividades" tal e como explicou Basalo na presentación da programación.

Festa do Melindre
30
aniversario
e da Repostaría Tradicional
da Terra de Melide
Melide,
7-8 maio 2022
CONCELLO DE MELIDE
Deputación DA CORUÑA
festa do melindre
FESTA DE INTERESE TURÍSTICO GALEGO

15 FOL
23/24 abril 2022
MELIDE
cantos de taberna melide
SÁBADO 23
SERÁN
COMANDO CURUXÁS
deseño: creación animal
DOMINGO 24
SESIÓN VERMÚ
CÉ ORQUESTRA PANTASMA
TANXUGUEIRAS
ARTESANÍA I ANIMACIÓN DE RÚA I OBRADOIROS
foliadamelide@gmail.com
facebook.com/foliadamelide
Organiza
Concello de Melide
Patrocina
Deputación DA CORUÑA

IMPRENTA
Meligraf

- Impresión Offset
- Impresión Digital
- Acabados

Teléfono/ Fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)

Anic
DIFUSION
comunicación gráfica

www.anicserigrafia.es 981 94 38 94
serigrafia.anic@gmail.com 604 05 05 83

serigrafía . impresión dixital textil . impresión dixital ríxidos . selos . rotulación . sublimación . merchandising ... / TALLER PROPIO

Camiseta, sudadeira e chapa oficiais
Foliada 2022

ANA MATO
AVOGADA

Asesoría xurídica e asistencia legal en:
- Penal e Civil
- Familia, divorcios, garda e custodia
- Herencias
- Accidentes de tráfico

Rúa Xesús Carro, 15, 2º
Melide (A Coruña)
Teléfono: 671833425

CUBIERTAS HNOS. BLANCO S.L.U.

- CUBIERTAS DE PIZARRA, COBRE & ZINC
- ESTRUCTURAS DE MADERA
- CANALONES TIPO CORNISA FABRICADOS EN OBRA
- FALSOS TECHOS DE ALUMINIO TIPO LAMA
- INSTALADOR PROFESIONAL OFICIAL DE VELUX

www.cubiertashermanosblanco.es

988 335 294 608 989 665 FAX 988 334 944
cub.hnos.blanco@gmail.com

DELEGACIÓN: Avda. de Lalín 7 · 15800 · Melide (A Coruña) · 608 989 665
CENTRAL: Calle 7 · parcela 134 · Pol.Ind. A Raña · 32300 · O Barco (Ourense)

O pleno de Sobrado rexeita por unanimidade a execución dos eólicos proxectados en Caíño

Uns xeradores nun parque eólico en territorio galego, situado xunto a uns prados dedicados ao pasto. / Foto de arquivo

O pleno do Concello de Sobrado rexeita de maneira unánime a execución do proxecto do parque eólico de Caíño, accesos e as súas infraestruturas de evacuación polo seu impacto negativo sobre a vila.

Dende a corporación municipal instan a que non se autorice e que as administracións públicas informen desfavorablemente deste proxecto eólico. A maiores, o Concello pide o apoio nesta oposición de cooperativas e sindicatos agrarios, asociacións de veciños e veciñas, e da Reserva da Biosfera. Ademais, a administración local trasladará o acordo acadado no pleno á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e solicitará ao Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico que non autorice o parque eólico de Caíño.

Este proxecto contará, previsiblemente, con 33 xeradores e 5 deles poderían instalarse en Sobrado, os outros situaranse nos concellos de Curtis, Guitiriz, Aranga e Oza - Cesures.

Dende o equipo de goberno municipal afirman estar traballando "para impulsar o desenvolvemento socioeconómico da nosa localidade". No eido medioambiental, o Concello promove a implantación de enerxías renovables, "pero non de calquera xeito", fan fincapé dende a administración. Este parque situaríase fóra das áreas de desenvolvemento eólico e instalaríase nunha zona agrícola e gandeira, sector cunha forte presenza na comarca. Ademais, a contorna conta cun importante patrimonio cultural, dado que por ela tamén pasa o Camiño do Norte que leva ata Santiago de Compostela.

O Concello de Sobrado fai fincapé en que "instalar o parque neste lugar provocaría efecto negativos para a saúde das persoas e dos animais debido ao ruído constante, interferencias nas telecomunicacións e un elevado impacto na paisaxe e no medio ambiente".

Outra administración municipal que rexeitou en pleno o desenvolvemento do parque eólico de Caíño foi o Concello de Curtis, dado que consideran que afectaría á economía agrícola e forestal da vila.

A creación deste modelo eólico supoñerá unha inversión de 150 millóns de euros por parte de Endesa, a través da súa división de enerxías renovables.

Concellos da comarca asinarán un convenio para dar resposta ás necesidades de atención temperá



Un cativo nun centro de atención temperá xogando no chan. / Foto de arquivo

Os Concellos de Toques, Melide, Santiso, Arzúa e Vilasantar asinarán un convenio para dar resposta ás necesidades de atención temperá durante este ano. A finalidade deste convenio conxunto é optar ás subvencións autonómicas para a prestacións de servizos de atención temperá.

As administracións municipais da contorna decidiron optar por esta modalidade de concorrencia conxunta, entre cinco vilas, para a xestión compartida das axudas para cumprir coas bases da convocatoria, que só establecen a xestión individual en concellos con máis de 10.000 habitantes.

A atención temperá engloba todas aquelas intervencións destinadas á poboación infantil de entre 0 e 6 anos, así como a súa familia e entorno, que procuran responder a posibles necesidades de cativos e cativas con trastornos de desenvolvemento ou con risco de padecelos.

Toques renova as instalacións de alumeado exterior do municipio

A Casa do Concello de Toques na actualidade. / Foto de arquivo

O Concello de Toques renova as instalacións de alumeado exterior do municipio, mudando os focos de vapor de sodio e de mercurio actuais por focos máis eficientes de tecnoloxía LED, que supoñen unha mellora das instalacións que permiten unha redución do consumo enerxética e da contaminación lumínica existente na vila.

Nesta actuación cambiáronse un total de 199 focos cunha potencia anterior de 20,20 kW por 194 lámpadas de tecnoloxía LED con potencia de 11,79 kW, o que implica un aforro de 58.767 kW/anual (7.494,77€) con respecto aos vellos focos.

O equipo de fútbol feminino de Santiso gaña a súa primeira Liga

O equipo de fútbol feminino e algúns afeccionados. / Foto: U.D de Santiso

O equipo de fútbol feminino de Santiso fai historia gañando a súa primeira Liga. Este grupo de rapazas conseguiu firmar unha tempada inmellorable, acadando o liderado absoluto con 52 puntos, tres por encima do segundo equipo que conta con 49. Dende o comezo da competición, o equipo do concello de Santiso non perdeu nin un só encontro e a súa máxima goleadora foi a xogadora Alexandra Sueiro con 17 goles en 19 partidos xogados.

Dende a U.D do Santiso Feminino afirman: "deixamos atrás tempadas cheas de dedicación, esforzo, humildade e traballo".

Retómase o Festival SBK de Melide na fin de semana do 23 e 24 de xullo

Cartel do Festival SBK de Melide cuns dos bailaríns invitados. / Foto: A.M.R.A

O Festival SBK de Melide retómase logo de varios anos suspendido por mor da pandemia a fin de semana do 23 e 24 de xullo.

A Asociación de Mulleres Rurais da comarca, Alecrín, volve organizar este festival de baile que contará coa presenza de varios profesionais referentes no eido do baile como: Yolanda Rufino, campioa mundial de bachata solista; Jandro Pallares, sete veces campión de España de bailes caribeños; entre outros bailaríns que aínda están por confirmar.

Dende a Asociación de Mulleres Rurais da Comarca de Melide animan a poboación da contorna e cidades a visitar o municipio durante esa fin de semana para desfrutar dunhas xornadas cheas de baile nas que haberá actuacións, talleres, concursos e máis actividades. Ademais, dende Alecrín axudan ás persoas interesadas en vir eses días a Melide a xestionar a súa estancia na vila a través do whatsapp ou chamando ao 699120465. Unha gran oportunidade para descubrir o centro de Galicia e aprender e desfrutar do mellor baile. Este será un festival que a organización espera que teña unha forte repercusión nos comercios e establecementos hostaleiros de proximidade.

O proxecto abeancos.gal cumpre seis anos catalogando todo o patrimonio de Melide

Os profesionais que forman parte do proxecto Abeancos. / Foto: M. T de Melide

O proxecto abeancos.gal cumpre seis anos de vida catalogando, de xeito dixital, os elementos patrimoniais presentes na comarca da Terra de Melide. O acceso a este catálogo está aberto a todas as persoas que decidan consultalo, están todos organizados, clasificados e xeolocalizados con mapas libres. Toda a información gardada neste arquivo dixitalizado está dispoñible en diferentes formatos de maneira gratuíta.

Os compoñentes que forman abeancos.gal son: por unha banda, os integrantes da Asociación de Software Libre Melisa, Rafael Rodríguez Gayoso, Jorge Lama, Elena Salgado Mariño e Guillermo López; e pola outra banda, por parte do Museo da Terra de Melide, Cristina Vázquez Neira e Xurxo Broz Rodríguez.

Abeancos.gal é, en palabras dos seus creadores, "un catálogo de patrimonio etnográfico, artístico, arqueolóxico e en xeral patrimonial do Concello da Terra de Melide". En cada unha das fichas deste proxecto pódese ler unha descrición do elemento, características construtivas, estilos artísticos, fotografías, apartado bibliográfico e ata determinados datos históricos.

A Escola Ayude acada o primeiro posto na Liga de Loitas Olímpicas

O alumnado da Escola Ayude de Santiso na competición. / Foto: Escola Ayude

O alumnado da Escola Ayude, dirixido pola adestradora Cora Ayude, fíxose co primeiro posto na xornada norte da Liga de Loitas Olímpicas, celebrada na cidade de Lugo.

Con este gran resultado, os da Escola Ayude clasifícanse para competir polos primeiros postos da Liga Galega contra os gañadores da zona sur o próximo mes.

Dende a escola queren destacar o debut de varios dos integrantes do equipo de Santiso "cun papel decisivo á hora de sumar puntos para a obtención do triunfo final como é o caso de Nico, Ivan, Pablo, Xoan, Marcos, Erick, Xiana e Mencía.

Casa Grande de Golán

TIÑAS IDEA?

A Casa Grande de Golán, o único exemplo de casa-torre fidalga conservada na Terra de Melide. / Foto: abeancos.gal

Esta fermosa vivenda é coñecida como a Casa Grande de Golán ou Casa de Calderón, unha edificación que é o único exemplo de casa/torre fidalga conservada na comarca da Terra de Melide. Actualmente, o inmoble está restaurado e, tal e como podemos apreciar na fotografía, o seu aspecto amosa o bo estado no que se atopa. A pesares disto, a vivenda sufriu diversas actuacións que supuxeron modificacións na arquitectura orixinal.

Don Antón Taboada Roca, farmacéutico melidao e notable xenealoxista, fai un exhaustivo repaso da linaxe posuidora da casa. As últimas informacións apuntan como donos á familia de Don Saturnino Calderón Ceruelo, quen debeu reedificar a vivenda.

Desta casa hai que destacar: primeiro, trátase dun caserón rexo e auteiro en canto a ornamentación. A Casa Grande de Golán presenta unha pranta cadrangular que mide uns 15 metros e medio no eixo Norte-Sur por 16 metros e medio no Leste-Oeste. A cuberta é a catro augas, adaptada no extremo suroccidental á existencia dun segundo corpo, a modo de torre, cuberta igualmente a catro vertentes. Tanto no extremo leste do conxunto da edificación coma no norte do corpo da torre, dispóñense senllas chemineas de feitura moderna.

A estrutura desta vivenda foi edificada mediante aparello de cachotaría, actualmente encintada con cemento na fachada principal, e con morteiro nas laterais e traseira, reservándose o emprego de elementos de cantaría de granito para esquinais, xambas e linteis de portas e ventás e algúns antepeitos de xanelas.

No tocante ao alzado hai que indicar que ten planta baixa, primeiro e segundo andar no corpo da torre. Na fachada principal da mesma, a que mira ao Sur, semella que houbo un balcón entre as dúas ventás, posto que se conserva a súa soleira sobresaínte e o oco ou van paredado con aparello de cachote.

Todas as portas e ventás son de deseño alintelado e na planta baixa, fundamentalmente nas fachadas laterais e traseira, tradúcense en pequenas bufardas, mentres que no primeiro andar son máis amplas e incluso varias delas con balcón, un deles suspendido na fachada oriental.

Unha casa que é na actualidade un tesouro do noso patrimonio e que debe coidarse e conservarse.

Os contidos do Cerne fanse oco noutros medios de comunicación

Os contidos do Cerne cada vez chegan a máis persoas grazas á difusión que outros medios de comunicación fan deles, nos últimos meses sucedéronse varios exemplos. Por unha banda, o Podcast Annavalaina no que Miguel A. Mateos e os seus colaboradores falan sobre literatura, puxéronse en contacto co Cerne para poder difundir a través do formato de audio algúns dos poemas escritos polo alumnado do IES de Melide para as colaboracións mensuais do Cerne. No último programa do Podcast Annavalaina comentaron o poema de Sofía Novo "Fugacidades". Pola outra banda, a revista da Asociación Cultural de Guitiriz Xermolos fíxose eco na súa edición número 64 da nova do Cerne onde se informaba sobre o premio que o alumnado do CEIP Nº1 de Melide recibía na 42 edición do Festival de Pardiñas na categoría de Certame de narración xuvenil e infantil Terra Cha

A páxina da revista Xermolos da Asociación Cultural de Guitiriz onde aparece a nova do Cerne. / Foto: Cerne

grazas a un conto titulado "A fada André". Esta historia premiada foi escrita polo alumnado durante o confinamento, o que lle dá un valor dobre.

Dende o Cerne queremos agradecerlle a todas as colaboradoras e colaboradores o seu gran traballo que aportan para o xornal.

Estas iniciativas colaborativas fan posible que un pequeno medio de comunicación local como é Cerne teña unha ampla repercusión fóra da súa comarca de referencia. Isto beneficia tanto aos comercios que saen nos contidos do xornal, aos que pagan a publicidade e á Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide que ve como un dos seus proxectos no que se fai eco doutras campañas levadas a cabo se promove e da a coñecer.

Dar vida ao Cerne non é sinxelo e menos nestes intres nos que os prezos non deixan de subir pero ASETEM segue a apostar por este proxecto por todas as vantaxes e beneficios que ten tanto para comerciantes asociados como para lectores e lectoras. O feito de que outros medios de comunicación se interesen polos contidos dos colaboradores e colaboradoras do xornal é mostra da calidade dos mesmos.

Os lectores e lectoras do Cerne que estean interesados en colaborar co xornal ao igual que fan: Vanesa de Quinzán, o alumnado do CEIP de Arcediago, Cristina Fernández de Latexo Logopeda, Ana Mato Avogada e o alumnado do IES de Melide; só teñen que poñerse en contacto con ASETEM - CCA a través do correo electrónico info@asetem.com ou no teléfono 981 50 61 88, así como se teñen algunha historia ou nova que contar.

40 ANOS DA CORAL POLIFÓNICA DE MELIDE

“A Coral Polifónica de Melide forma parte das nosas vidas”

A música é unha parte fundamental para entender unha sociedade e a súa cultura. Todas e todos temos unha banda sonora para os momentos importantes que vivimos na nosa vida, recordamos a canción da voda, esa melodía que nos acompañou nun día especialmente triste ou os primeiros acordes desa peza que nos recorda tempos pasados. A comarca da Terra de Melide ten a sorte de contar con varias formacións que poñen banda sonora á historia da vila dende hai moito tempo, a máis antiga é a Banda de Música de Visantoña (145 anos de vida), Froito Novo (50) e A Coral Polifónica de Melide (40). Estas formacións son un bo exemplo da tradición musical da contorna que deu tamén a grandes músicos como: o sacerdote Andrés Sampayo, Pastor Barral ou os gaiteiros dos Garceiras.

Os membros da Coral Polifónica de Melide nos anos 90 nunha actuación na Igrexa. / Foto: Museo da Terra de Melide

O pasado 19 de marzo, a Coral Polifónica de Melide cumpría o seu 40 aniversario. Unha data moi especial para un grupo de cantantes que ao longo destes 14.600 días en activo foron poñendo no mapa a vila de Melide por todos aqueles lugares nos que actuaban. A actual presidenta da formación, Ánxela López, recorda eses primeiros anos como “un tempo no que había moi pouca programación cultural pero o que si había eran moitas ganas e ilusión por xuntarnos e cantar”. Co paso dos anos, o grupo foi perdendo compoñentes e gañando outros, a día de hoxe son trinta e seis voces das cales doce están no coro dende o primeiro minuto. Non obstante, están moi satisfeitos e orgullosos de aguantar durante catro décadas “facendo o que máis nos gusta, sen pretender ser profesionais pero defendendo o noso traballo dentro da música”, comenta Ánxela López.

A Coral Polifónica de Melide é máis que unha formación de cantantes afeccionados, son un grupo de amigos e amigas aos que os ensaios lles dan a vida. Para os integrantes da Coral, cunha media de idade arredor dos setenta anos, os ensaios son o mellor momento, máis que as actuacións, porque é ese espazo de tempo no que as risas e a música o envolven todo e os problemas persoais quedan na porta da aula do Multiusos na que ensaian. A nova directiva, constituída hai unhas semanas ten como un dos obxectivos principais que os membros da formación desfruten máis dos días de actuación, para iso decidiron que “cando vaiamos cantar a Ribeira ou a Luarca, imos ir pasar o día alí, non só para actuar como faciamos antes porque o tempo de convivencia desa viaxe son experiencias que nunca máis se borran”, destaca a presidenta da Coral Polifónica de Melide. As e os participantes da formación teñen claro que desfrutar desa actividade é un día gañado e por iso, dentro das súas posibilidades, van acudir aos lugares das actuacións a pasalo ben.

Unha parte fundamental para os artísticas é o público, no caso da Coral Polifónica de Melide teñen un público moi fiel que cada vez que cantan no municipio van en masa a desfrutar da súa actuación. Por esta razón, Ánxela López afirma que “a xente de Melide ante a música responde sempre moi ben, os coros que veñen cantar aquí quedan marabillados. Só podemos estar agradecidos a toda a veciñanza da vila que nos vén ver cando damos un concerto”. Bo exemplo do seguimento que a música ten na comarca é a Semana da Música que todos os anos organizan dende a Coral Polifónica melidense, un evento que enche, en todas as edicións, o lugar no que se celebra. De feito, López comenta: “eu sígome emocionando ano tras ano coa Semana da Música porque ver ese espazo diante do escenario cheo de xente é marabilloso”. Precisamente, a Semana da Música de Melide é un punto de inflexión musical no ano, unha oportunidade para que o público desfrute e se deleite coas actuacións dos músicos da comarca e descubra novas promesas no eido musical. Un evento que este ano celebrará a súa trixésimo terceira edición e dende a organización afirman que ten moito futuro por diante.

Nestes 40 anos en activo, foron moitas as persoas que pasaron, dun ou outro xeito, pola Coral Polifónica de Melide e dende esta formación queren amosar un especial agradecemento a Mingos Fuciños, activista cultural da vila falecido no 2017, que foi unha peza fundamental para saber da historia da música no municipio e que sempre colaborou de xeito activo coa formación.

Para este 2022 a Coral Polifónica de Melide xa ten varias datas pechadas de actuacións e unha das máis próximas é o Festival de Habaneras que se vai celebrar o vindeiro sábado 28 de maio, no que intentarán devolver a alegría e a música á veciñanza nestes tempos de incerteza coa actuación de catro corais, unha delas a de Melide. Logo, chega unha das datas máis especiais para o coro como é o tradicional Concerto de San Roque, o 16 de agosto, “no que pretendemos que sexa unha homenaxe ao público, aos nosos compañeiros musicais, á nosa historia e aos nosos desaparecidos”, afirma López. Ademais, nesta actuación a Coral Polifónica de Melide vai interpretar un tipo de cancións diferentes ás que nos teñen máis acostumados para facer este concerto tan especial cun toque máis festivo, isto farano introducindo instrumentos como os da música tradicional galega e coa colaboración de varios músicos da localidade. En todas as actuacións os e as cantantes da formación van ter moi presentes a Alfonso, Paulino, Avelino, Suso e Carme, compañeiros que se foron nestes últimos dous anos e que deixaron un gran baleiro no corazón da Coral.

En definitiva, esta agrupación melidense é unha comunidade musical que forma parte da historia da vila dende o 1982 e que ten un futuro prometedor, dado que tal e como afirma Ánxela López: “A Coral Polifónica de Melide forma parte das nosas vidas, queremos deixar un legado que é moi importante para a vida musical da vila”. As voces deste coro levan décadas poñendo a melodía a unha morea de momentos, por iso é a quenda do público de apoialos e agradecérllelo. Longa vida á Coral Polifónica.

"NO CEIP ARCEDIAGO NON ESTAMOS POLA GUERRA"

(Reflexións de todo o alumnado do centro)

Cando falamos da Paz semellamos moi concienciados para saber resolver os conflitos que xorden no cole de maneira pacífica . Os maiores, na casa e no centro, din que temos que solucionar as nosas diferenzas dialogando e non entendemos como logo é posible que se produzan os conflitos armados entre os países non sendo capaces de arranxalos falando e achegando posturas.

Qué pasa polas cabezas dos que mandan nos países para decidir atacar aos cidadáns doutras terras e así provocar moitos feridos e mortos?

Tamén se produce a destrución de casas, fábricas, parques, pobos e cidades.

Todo se volve miseria e pena-. As persoas teñen que escapar e buscar unha vida nova lonxe da súa casa e das súas raíces.

"O terror é a semente da guerra".

Din que as guerras son un negocio. Algúns países fabrican armas e poñen moito interese en facer que os conflitos sexan ben duradeiros para así facer medrar as súas ganancias.

É O MUNDO AO REVÉS?

Non! Desgraciadamente é a realidade e está de plena actualidade. É imposible non estar enterado porque a guerra acaba envolvéndoo todo.

Aos nenos e nenas impórtanos moito o número de guerras que incriblemente están activas no planeta.

Aínda que na actualidade o conflito armado que máis seguimos é o de Rusia e Ucraína, no mundo hai arredor de dez guerras activas.

Semella lonxe o conflito de Afganistán pero segue aí, así como Yemen e Etiopía, Irán contra EE.UU e Israel , Israel e Palestina, Myanmar, Estado Islámico,...

Reflexionamos moito sobre o feito de que nalgunhas guerras son os mesmos nenos os soldados preparados para matar aos inimigos.

A principal razón pola que as forzas armadas elixen nenos fronte aos adultos explícase pola facilidade para convencelos a unirse a grupos armados e manipulalos máis tarde.

Tamén son vítimas da guerra e quedan tocados para o resto da súa vida.

Moitos deles morren sen ten a oportunidade dunha vida mellor.

Por un mundo cheo de paz, berramos moi forte:

"

"NON Á GUERRA!"



Os teléfonos que non soan

Non fai tantos séculos atrás a sociedade vía como normal queimar na praza dun pobo a mulleres bruxas ou a homes que cuestionaban a relixión. Coa mirada fría e sensata que adoita dar o paso do tempo, fomos vendo que o concepto do que hoxe é "normal" vai mudando, e se cadra nuns anos é unha aberración. Así e todo –mantendo as distancias da moi distinta natureza dos casos- ben seguro que daquelas había xa xente que se cuestionaba se eses costumes, aínda que tivesen o peso da tradición e do "normal", serían axeitados. Tiña que haber xente así, da mesma maneira que hoxe hai xente que nos cuestionamos a orde establecida na era post-covid a nivel de servizos de atención ao cidadán.

Atravesamos a pandemia coma quen atravesa un deserto de sal, do que saímos afogados e afeitos á merma dos servizos ás persoas, amparados nunha suposta necesidade de non contacto: non vaia vostede ao centro médico, faga por internet as xestións co Concello, agarde a chamada do mestre para a titoría da súa filla, xestione por teléfono as súas inquedanzas. Dous anos despois, xa en segundo de pandemia, aprendemos que as forzas públicas poden usar unha crise sanitaria mundial para acomodar as súas posicións, para xustificar o clasismo, para acentuar as desigualdades e, o que é peor, poden usar –e usan- a pandemia para retroceder en servizos públicos o que se tiña avanzado durante décadas. E, o peor, calamos.

Na altura da sexta ola do covid (este mes de febreiro), unha persoa contaxiada, convivinte con outra de alto risco, agardou sen éxito a que o centro médico de Melide contactase con ela para un seguimento e unhas indicacións precisas. O uso do teléfono no centro médico de Melide está sobrevalorado. Pídeselle á xente que non vaia ao centro, e que use o teléfono, pero ninguén o colle do outro lado. Así día tras día. Como hai xente moi testana, quíxose comprobar in situ cal era a razón desta absoluta desatención ao servizo telefónico e, mentres unha persoa dende a súa casa chamaba para pedir unha cita de receitas, outra persoa estaba diante do mostrador da cita previa, observando o desenvolvemento dos acontecementos. O doente que chamaba dende a casa esgotou o tempo máximo da chamada, unha e outra vez, sen que ninguén collese o teléfono ao outro lado. Esta "proba" fíxose en días sucesivos, e en momentos nos que non había ningún tipo de demanda presencial no centro.

Podería ser que o exceso de traballo, a ringleira de doentes que fisicamente pedían ser atendidos no centro médico, e as urxencias propias dun centro de saúde explicasen esta situación, pero a verdade é outra. A verdade é que o teléfono nin soou. Estará silenciado? Avariado? Terá un sistema de avisos descoñecido para os comúns mortais? Haberá un código vermello segredo que lles informe se a chamada que quere entrar é urxente ou non antes de levantar o teléfono? Non o saberemos nunca, porque cando se pregunta directamente por esta situación dáse a calada por resposta. E, o caso da atención ao cidadán despois do covid non é local, é xeral, e medra en silencio esmagando os dereitos das persoas coma unha bóla de neve.

É evidente que temos varios problemas: non é esta unha queixa directa contra o persoal, pois queremos supoñer que ten que haber algunha razón máis aló dunha posible falta de profesionalidade, ou da absoluta carencia de ética coa que –incriblemente- é compatible o mantemento do posto de traballo no sector público. Un dos problemas é que pasan estas cousas e non facemos nada. Afacémonos a que todo se xustifique en recortes, pandemias, costumes ou xerarquías contra as que non se dá loitado. E visto o noso conformismo, se cadra, tristemente, temos que esperar a que o paso dos anos –como pasaba coas bruxas- achegue luz e solución para as aberracións do presente.

Vanesa de Quinzán

ÓSCAR GARCÍA, INDUSTRIAS CÁRNICAS GARCÍA

“O 2021 foi o mellor ano da historia para a empresa, houbo récord de facturación”

Industrias Cárnicas García é unha empresa familiar na que tres irmáns cheos de ilusión teñen ganas de seguir traballando para medrar e gañar máis presencia no sector. En García a calidade do produto é moi importante, por iso están a aumentar a súa produción propia coa apertura de máis granxas de porcino, o que se traduce tamén nunha maior oferta de emprego no concello de Melide.

Óscar García, xerente de Industrias Cárnicas García, nas instalacións da empresa no Meire (Melide). / Foto: Cerne

- Nestes tempos de incerteza cal é a situación do voso sector?

- Óscar García (O.G): Hai que contextualizar a situación do sector, dado que os últimos anos foron bos pero agora revolucionouse todo. Nós onde empezamos a notar o cambio de tendencia foi dende o mes de decembro do ano pasado, de feito o ano récord de facturación da empresa foi o 2021. A isto influíu o feito de que o 70% da nosa facturación vén da venda do produto a cadeas de supermercados e a fábricas de chourizos, polo que o sector da alimentación vese que medrou coa chegada da pandemia. Non lles aconteceu así ás empresas que se dedican máis á hostalería, xa que temos moitos clientes que se dedican á distribución de carne neste sector e os que non pecharon están parados. Non obstante, para García o ano 2021 foi o mellor ano da súa historia, no que bateu récord en todos os aspectos e en todas as sociedades. Logo, xa veu un decembro malo, un xaneiro e febreiro moi malo e parece que mazo recuperou outra vez porque nos supermercados non daban feito. O problema que estamos tendo nestes tempos son os gastos, nós que temos granxas tanto de vacún como porcinas o prezo dos pensos subiu preto dun 40% e isto supón un incremento case insostible porque o prezo que che pagan pola carga á baixa aínda por encima. Estamos nunha época moi complicada en tema de produción, especialmente, por mor do gran aumento dos gastos. Por poñerche un exemplo dunha empresa grande, xerentes de Froiz comentábanme o outro día que esta cadea de supermercados aumentoulle un 35% o gasto da factura da electricidade.

- Actualmente, valórase o sector primario?

- (O.G): Cada vez vaise valorar máis porque, economicamente, estamos dando conta que é o sector que nos dá de comer por dicilo dun xeito claro e simple. O que pasa que este cambio de rumbo cara unha maior valoración do sector primario costa, necesita tempo. Ademais, España é un país moi comisionista, para vender un quilo de carne ten que pasar por catro intermediarios e isto tense que ir eliminando pouco a pouco. E para facer forza como sector hai que xuntarse porque sós non facemos nada. Temos que volver a producir na proximidade, no país porque agora coa folga de transportes vemos claro a importancia do produto de proximidade.

- Como vos afectou o paro dos transportes?

- (O.G): O paro foi convocado con toda a súa razón, é máis non tiña que ser un paro só do sector do transporte senón de todos para que a sociedade e os altos cargos se dean conta de que hai que amañar a situación actual. Os impostos hai que pagalos porque son necesarios para ter unha serie de servizos pero debemos aportar todos e todas. Ademais, estamos na era do Tick Tock e parécenos que todo é inmediato e non é así, as cousas necesitan o seu tempo.

- Que repaso fas pola ampla traxectoria da empresa?

- (O.G): Como empresa levamos todos estes anos traballando duro e xogando coas cartas que temos en cada momento. Hoxe en día é fundamental xogar e moverte co que ti tes porque senón é moi complicado. Logo, somos unha empresa estable con xente nova, algo moi importante porque o persoal que se xubilou deixou outra xeración que ten moitas ganas de traballar e complicarse pero sempre cos pés na terra. A cuestión de traballar cos pés na terra é imprescindible porque hai moitos castelos construídos no aire e despois veñen épocas como as actuais e vai todo abaixo. Ademais, nós cada vez temos máis presenza no sector primario, de feito, abrimos no mes de xaneiro do ano pasado unha nova granxa de porcino e estamos co proxecto para construír outra no próximo ano. En total temos tres explotacións de porcino e dúas de vacas nos concellos de Melide e Curtis. O noso obxectivo é seguir invertendo os beneficios para poder crecer cada vez máis e ter máis forza como empresa, xa que se dependes do produto que producen outras a cousa é máis complicada.

- Estades a buscar persoal para traballar, é complicado atopalo?

- (O.G): Moi complicado pero penso que en todos os sectores. Hai xente nova que é realmente boa e amplamente preparada pero outra que non ten interese ningún en traballar. Logo, hai algo moi importante, se ti tes unha empresa ou un traballo e ante o mínimo problema tiras a toalla non vas chegar a bo porto porque no eido laboral hai que ser constante e pelexar polo que che gusta. O mundo empresarial é duro porque non vives das alegrías, hai que ter un carácter forte para poñerte ao fronte dunha empresa. Por outra banda, é certo que o mercado laboral está difícil para a xente máis nova pero teñen que pelexar, ter constancia e arriscar para que as cousas saian.

- Sodes unha empresa familiar, isto facilita as cousas?

- (O.G): Si claro, se a familia está unida a empresa é raro que caia porque se buscan solucións en conxunto e tes máis apoio. No noso caso somos catro irmáns, e tres traballamos na empresa e a partes iguais. Os tres temos as cousas claras e gústanos o noso traballo porque nacemos nisto. Ademais, temos preto de vinte empregados entre granxas e sala e todo xente nova, de feito, o máis maior son eu e teño 44 anos.

García Industrias Cárnicas
Carretera O Meire, s/n
15800, Melide
Tlf: 981 81 54 00

CERNE

Cerne 194. Abril 2022

Campaña de PREVENCIÓN de la SORDERA 2022

Reserve cita para su REVISIÓN AUDITIVA GRATIS

Pedir hora

Ronda da Coruña, 34
Melide - A Coruña
981 50 72 87
648 75 47 61

cep
CENTRO ESPECIALIZADO PHONAK

Ahora puede probar sus audífonos en casa

Estamos tan seguros de seleccionar la mejor opción para su problema auditivo que **puede probarla en su casa** con total tranquilidad un mes.

En el **Instituto de la Sordera,** sabemos que cada persona es única y por eso ofrecemos una amplia gama de soluciones innovadoras prácticamente INVISIBLES, para asegurar la solución adecuada en cada caso y satisfacer sus necesidades.

MODELO INTRACANAL

Se introduce en el interior del canal auditivo y solo usted sabrá que lo usa.

MODELO RETROAURICULAR

Colocado detrás de la oreja, pequeño y disponible en distintos colores que lo hacen prácticamente invisible.

PUEDE AJUSTAR SUS AUDÍFONOS EN CUALQUIER LUGAR

Se conectan directamente a su teléfono iOS®, Android™ o a otros dispositivos con Bluetooth® para que pueda transmitir audio de calidad excelente directamente a sus audífonos.

Establecimiento Sanitario autorizado por la Consellería de Sanidad de la Xunta de Galicia Nº E-15-001359